

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2017

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 24 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2017

BDNS(Identif.):340694

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

1. Beneficiarios:

As persoas físicas ou xurídicas que: carezan de fins de lucro, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas, non estean incursos en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ó corrente coas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación.

2. Obxecto

Subvencións para as actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, no seu termo municipal, dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega no conxunto da sociedade, a través das seguintes accións:

- Fomento da creación e da difusión cultural en lingua galega: certames literarios e xornalísticos, creación audiovisual e literaria e feiras e eventos que promocionen a creación en lingua galega
- Sociolingüística e toponimia: estudos e publicacións sobre sociolingüística, xornadas e publicacións de recuperación da toponimia



- Fomento do emprego do galego no comercio e na industria: xornadas, campañas e publicacións para a dinamización comercial en lingua galega
- Recoñecementos e distincións: actividades, accións e publicacións relacionadas coa conmemoración das Letras Galegas ou que recoñezan o labor de persoas ou colectivos que aposten polo galego

3. Bases reguladoras

Bases de subvenciones aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 24 de marzo de 2017, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Regulamento da Lei xeral de subvencións (R.d. 887/2006, de 21 de xullo) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

4. Contía

110.000,00 €.

5. Prazo de presentación

Empezará a partir do día seguinte á publicación do extracto de dita convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e terminará o 25 de abril de 2017.

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base cuarta.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base sétima da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e acreditar a debida difusión, nos termos previstos na base décima da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 30 de marzo de 2018.

Pontevedra, 28/03/2017.—A presidenta, María del Carmen Silva Rego.

